



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 27 DE XANEIRO DE 2026.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día vintese de xaneiro de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 30 DE DECEMBRO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 30 de decembro de 2025.

2.- MEMORIA VALORADA DA OBRA ABASTECIMENTO EN BEADE (AS REGADAS).- Logo da petición formulada por esta Alcaldía, a Deputación ven de incluír unha axuda nominativa nos seus orzamentos para a actuación resinada por importe de 30.000,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria valorada da obra.

3.- MEMORIA VALORADA DA OBRA PARA ARRANXO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN BEADE: ACONDICIONAMENTO TRAMO RÚA PATEIRA CON PRAZA DA PICOTA.- Logo da petición formulada por esta Alcaldía, a Deputación ven de incluír unha axuda nominativa nos seus orzamentos para a actuación resinada por importe de 40.000,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria valorada da obra.

4.- MEMORIA VALORADA DA OBRA PARA OBRA DE SANEAMENTO EN BEADE.- Logo da petición formulada por esta Alcaldía, a Deputación ven de incluír unha axuda nominativa nos seus orzamentos para a actuación resinada por importe de 30.000,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria valorada da obra, sendo as actuacións previstas conformes coa normativa urbanística aplicable e non sendo necesarias autorizacións sectoriais.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

5.- APROBACIÓN PADRÓN COBRATORIO TAXA ABASTECIMIENTO DE AUGA, CANON DA AUGA E SANEAMENTO XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO SEMESTRE AÑO 2025.- Dase conta da confección do Padrón cobratorio da Taxa pola subministración de auga e do cánon de auga e saneamento da Xunta de Galicia, segundo semestre do ano 2025.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan prestar aprobación o resinado Padrón.

6.- SUBVENCIÓN PARA CREACIÓN, MELLORAE AMPLIACIÓN DE SERVICIOS BÁSICOS EN ZONAS RURAIS.- Publicada a Resolución do 19 de decembro de 2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos en zonas rurais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 en Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2026, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR711D), a Xunta de Goberno Local, acordou, por UNANIMIDADE, participar na convocatoria de axudas aprobando os proxectos de “Rehabilitación de edificio multiusos: centro de formación, actividades culturais e de lecer, e de servizos para valorización de produtos agrarios da zona” e “Creación de parque infantil inclusivo e zona de estancia interxeracional en Beade”, por importe de 48.236,65 € e 47.980,82 €, respectivamente. Ademais, os honorarios do proxecto de rehabilitación de edificio multiusos e a dirección de obra son de 1.000 € e 1.500 €, respectivamente. Do mesmo xeito, os honorarios do proxecto de parque infantil e a dirección de obra son de 1.900 € e 1.900 €, respectivamente.

7.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advertíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. ÁNGEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ, con domicilio en Rúa Eira, 7, 32431 Beade (Ourense), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito na resinada rúa, con ref. catastral 000800100NG78E0001RX, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de rehabilitación de vivenda, segundo memoria presentada e de acordo co informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende o seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 17.000,00 €.....340,00 €



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

AUTORIZAR a D^a. ELVA RODRÍGUEZ PAZ, con domicilio en Rúa Ribeiro, 65 Beade (Ourense), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmobile sito na Rúa Entreascasas, 5, con ref. catastral 1869704NG7816N0001HM, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de rehabilitación de cociña, cambiando azulexo e plaqueta, e de acordo co informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 800,00 €.....16,00 €

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.



O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.



O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro